

O colectivo SINSALaudio preséntase en Barcelona dentro do Festival Lem

O colectivo SINSALaudio, unha das formacións punteiras da cultura electrónica en Galicia, presentarase o vindeiro día 14 en Barcelona dentro do LEM, o festival da música experimental con máis prestixio dos celebrados en España. A presentación coincide cunha pequena xira que os integrantes do colectivo están realizando polo estado español para dar a coñecer a súa proposta radical.

Será o catorce de novembro cando tres dos membros de SINSALaudio —Julio Neboiño, Chiu Longina e Luís Campos— se presenten na Plaça de Rius i Taulet dentro do programa do Lem Festival, que intenta ser unha plataforma da creación sonora do planeta.

O Festival ábrese o 17 de outubro coas portuguesas Adriana Sá e Margarida Mestre e pecharase o trinta de novembro co español Games Addiction, unha das revelacións da música electrónica hispana do último ano, gañador do off-LEM do 2002. Entre ambas as dúas actuacións, máis dun mes de concertos que se celebrarán pola capital catalana con nomes tan suxerentes do panorama como os franceses Schizotrope, o catalán Chop Suey ou Telefunken. Os únicos galegos representados son SINSALaudio, que acoden a Barcelona acompañados polo colectivo de performers pontevedrés Flexo, cos que intentarán ofrecer un concerto de interacción co público.

Xurdidos hai algo máis de dous anos e vinculados ó club vigués Vademecwm, os membros de SINSALaudio traballan co audio como materia plástica e orgánica, ó mesmo tempo que como expresión lúdica e hedonista ou como material de investigación antropolóxica. A súa actividade vai desde as sesións experimentais do *free-audio* á manipulación dos soportes. Os mundos analóxicos e dixitais conviven no traballo en directo deste colectivo multidisciplinar: scratch, gravacións de campo ou investigación rítmica, unha das súas especializacións.

Minixira

A presentación en Barcelona de SINSALaudio coincide cunha minixira que comezou a finais do pasado outubro en Arsónica 2002 de Sevilla, ó que asistiron Berio Molina, Horacio Gómez e Chiu Longina, como comité que puxo en marcha o xa célebre IFI de Pontevedra, o máis importante festival de música electrónica que se organiza en Galicia.

A próxima cita cos espectadores será o día 31 en Valencia dentro do Observatori 2001, no que estará presente outro dos membros do colectivo, dj Víktor Flores, ademais de LONGINA audioperformer, que o día un de novembro presentará *Live (Qvi Proyect-laptop Music is dead)*.

SANTIAGO 6/10/02

AFA